

Presentación da materia

Materia	Física e Química	Curso	3º ESO
----------------	-------------------------	--------------	---------------

UNIDADES DIDÁCTICAS (Temporalizadas por avaliacións)

1ª Avaliación	U.D.1 Destrezas científicas U.D.2 La materia
2ª Avaliación	U.D.3 Formulación y nomenclatura inorgánica U.D.4 Los cambios. La reacción química
3ª Avaliación	U.D.5. Naturaleza eléctrica de la materia U.D.6 Energía eléctrica

OS CONTIDOS E CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Serán os que se recollen na Programación Didáctica do Departamento, a cal poderase consultar na páxina web.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

Os instrumentos utilizados para a avaliación do alumnado serán probas escritas e táboas de indicadores (tarefas diarias de aula ,actividades de laboratorio, cuestionarios edixgal, traballos, presentacións..etc).

A cualificación resultará da seguinte ponderación:

70% da cualificación das **probas escritas**

30% procederá das **táboas de indicadores**.

A cualificación dun trimestre realizarase do seguinte xeito:

1. Cualificación procedente de táboas de indicadores:

Procede de: prácticas de laboratorio, proxectos de investigación, tarefas diarias ..etc

Calcúlase facendo a media aritmética das diferentes cualificacións obtidas(por exemplo, se ten dúas notas, unha procedente de actividade de laboratorio e un proxecto de investigación, a nota de TI será a media de ambas).

A cualificación obtida será **TI**

2. Cualificación procedente de probas escritas:

-Realizaránse probas escritas(controis) ao longo do trimestre sobre os CA contemplados nesa parte do trimestre.A cualificación será a media aritmética dos controis e simbolízase por C.

-Realizarase unha proba escrita ao final do trimestre sobre todos os CA contemplados no trimestre. A cualificación simbolízase por E

A cualificación procedente das probas escritas para o trimestre será: **PE= C+2E/3**

A cualificación do trimestre (T), será o resultado de aplicar un 70% a cualificación da proba escrita e o 30% a cualificación das táboas de indicadores(TI)

Nota trimestre **T = 0,7PE +0,3 TI**

Aclaración: tanto as probas escritas como as táboas de indicadores avalían directamente os CA , de xeito que a nota acadada na proba escrita ou na táboa será a nota do CA avaliado nelas.

A cualificación final será o resultado de facer media aritmética das cualificacións dos tres trimestres sempre que a nota de cada un deles sexa de 5 ou superior..